

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Bieito Lobeira Domínguez e M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en Comisión, relativa ás previsións de actuacións en materia de seguranza vial na estrada PO-504, no tramo Sanxenxo-Vilalonga.

O tramo da estrada PO-504 que comprende o traxecto Sanxenxo-Vilalonga, precisa de actuacións urxentes en materia de seguranza vial.

Con ese motivo, a Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, deseñou un proxecto, finalmente desbotado, para acometer unha serie de accións encamiñadas a ese fin. Veciños e veciñas da zona afectada, organizados na “Plataforma Cidadá para a mellora da seguranza vial na estrada PO-504”, defenderon outras prioridades, máis adaptadas ás circunstancias concretas do vial. Así, este proxecto, pendente de modificación, ficou transitoriamente en suspenso.

Até o momento, non existen indicios que permitan deducir a existencia dun novo proxecto definido nin, daquela, previsións temporais para a execución das obras.

Urxe, en calquera caso, a adopción de medidas de seguranza nesta estrada, que teñan en conta as necesidades reais e as condicións específicas do vial. En concreto, a prioridade debe ser a de instalar unha rotonda no lugar da Vichona, vital por ser punto de confluencia de cinco vías diferentes e que rexistra ademais unha importante taxa



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de sinistralidade. Outra actuacións similar –rotonda- deberíase localizar no Reiniño. Porén outras glorietas, previstas no seu día no proxecto inicial xa citado, carecen de sentido por razóns de diverso tipo. De calquera xeito, a urxencia fundaméntase no feito de que o Concello de Sanxenxo está a outorgar licenzas de obras, precisamente na Vichona, que poden alterar substancialmente, ou mesmo impedir, calquera actuación de mellora da seguranza vial.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de actuacións en materia de seguranza vial na estrada PO-504, no tramo Sanxenxo-Vilalonga?

2.<sup>a</sup>) En concreto, tense previsto a instalación dunha rotonda na Vichona?

3.<sup>a</sup>) Tense previsto a instalación dunha rotonda no Reiniño?

4.<sup>a</sup>) Que outro tipo de dotacións (pasos peonís, sistema de iluminación, radares fixos, sinalización horizontal e vertical, etc.) se teñen previsto instalar?


5.<sup>a</sup>) Que prazos temporais existen en relación co proxecto e execución de obra?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

M<sup>a</sup> Carme da Silva Méndez

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2008 13:41**  
**Nº Rexistro: 28062**

Data envío: 01/04/2008 13:41:47.625

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 01/04/2008 13:39:58**

**María Carme da Silva Méndez na data 01/04/2008 13:40:06**